



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 26 DE DECEMBRO DE 2016 AS 10.30 HORAS

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:00 horas do día 26 de decembro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 26-12-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

D^a. Susana García Álvarez
D. José Riesgo Boluda
D. Alberto Escariz Couso
D. José Angel Otero Lamas

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) **Procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (12225-445)**

Entregase o informe do xefe do Parque Móbil Municipal, de data 26 de decembro de 2016, de valoración das materias obxecto de negociación deste procedemento e formulando a clasificación en orde descendente dos licitadores.

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acepta o citado informe.

b) **Procedemento negociado para a contratación do subministro de equipos para renovación das instalación de produción de AQS no pavillón do Carmen e no complexo deportivo de Balaídos (718-611) (reformulación da oferta)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 02:50	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AE4D-CDDCB9-46CF89-E84Q3X-4BXQS7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Entrégase o informe de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula”, asinado polo O director técnico do Servizo de Deportes, D. José Ángel Lago Filgueiraxefe o 23 de decembro de 2016. Logo do seu estudo, a Mesa acorda, por unanimidade, iniciar a fase de negociación cos tres licitadores presentados e admitidos, IAN RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L., JOCAR VIGO INSTALACIONES, S.L.U e COSTAS Y OTERO, S.L.

2.- Proposta de clasificación

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro dun vehículo tipo dumper para o parque móbil municipal (12225-445)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

1. VIP GALICIA, S.A.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VIP GALICIA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:45 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 02:50	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AE4D-CDDCB9-46CF89-E84Q3X-4BXQS7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

D. David Regades Fernández

D^a. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 02:50	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AE4D-CDDCB9-46CF89-E84Q3X-4BXQS7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		